

CURSO DE NARRACIÓN ORAL NO CIOV (ABRIL 2021)***QUE CONTAR E COMO CONTAR*****Impartido por ANA CARREIRA**

A Narración Oral é un espectáculo escénico no que o narrador ou a narradora ofrece un mundo ficcionado ao seu público.

Unha das maiores dificultades de quen se achega á Narración Oral é decidir que contar e como contar. Por iso a través da reflexión e da práctica chegaremos aos diversos xeitos de converter o desexo de transmitir emocións nun encontro co coñecemento dos recursos da oralidade.

O QUE:

Do desexo de contar parte a busca dos referentes, a escolla dos puntos de partida e a análise das fontes para a elaboración do repertorio.

Para isto afondaremos nos seguintes temas:

1.-As fontes das historias ou de onde partir: Anécdota, lenda, mito, conto, fábula; abordaxe á tradición oral galega

2.-Funcionalidade ou para que contamos: Comunicación; Construción da memoria histórica; Asimilación da tradición oral como patrimonio; Sociolingüística: Normalización da lingua galega; Estética: entretemento

3.-Os temas ou de que falamos e desde onde: A adecuación á nosa realidade; A adaptación; A universalidade

O COMO:

Desde a análise e a construción dos ingredientes da historia, tecemos a tea coa que producir emoción nos espectadores, entregándolles a nosa explicación do mundo desde a ficción e a universalización dos grandes temas da humanidade. Para isto abordaremos os puntos seguintes:



- 1.-Argumento
- 2.-Personaxes
- 3.-Espazo; Tempo (Ordenación e duración); A digresión
- 4.-Mecanismos de recepción

A partir da análise persoal e colectiva destes aspectos, o narrador e a narradora poden tomar conciencia plena das motivacións e dos recursos que os levan a achegarse a este novo e tamén vello oficio de contar.